

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	ZAS
Edificio	Capela de San Pedro do Allo
Dirección	Lugar do Allo, 2. 15851
	43.15985976206634 -8.936612807383867
Protección	
Descrición	O fidalgo Don Gómez de Rioboo Vilardefrancos, o vello, señor das Torres do Allo, mandou construír esta igrexa renacentista, de planta de salón, situada diante do pazo. Posúe pequenas dimensións, pois organízase nunha soa nave cunha capela maior rectangular, cuberta cunha bóveda de canón corrida. Apegada ao muro norte, a sancristía, desde a que é posíbel o acceso a un púlpito, situado tamén na parte setentrional. A bóveda da sancristía é nervada, dividida en dous tramos. A nave, máis ancha, estivo na súa orixe abovedada, aínda que actualmente presenta cuberta de madeira. Un arco triunfal de medio punto permite o acceso á nave. Este arco voltéase sobre pilastras. A tribuna de madeira está no último tramo da nave, asentada sobre catro pés situados nos muros norte e sur. O acceso realízase por unha escaleira de pedra. A portada constitúe un elemento moi singular do conxunto, xa que se compón como un gran retablo, cun corpo único dividido en tres panos. O pano central, máis ancho que os laterais, alberga a porta principal alintelada. As laterais flanquéanse mediante dous pares de columnas sobre plintos. Nos intercolumnios e coroando a parte central, albégase o programa iconográfico humanista: Adán e Eva, alusións ao Pecado e a Humanidade; San Gabriel e a Virxe María; San Pedro e, sobre a porta sur, outro relevo que representa ao evanxelista Pablo. Acaroadada ao muro sur atopámola espadana, realizada no século XVIII.
Campás	1 campá.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	MOCHY NOCHE / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	04-01-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1976	65	159

Información completa: [Capela de San Pedro do Allo - ZAS \(GALICIA\)](#)

PDF (16-09-2026)